

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****MINISTERIO DA PRESIDENCIA,  
RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA**

**15873** *Real decreto 1087/2020, do 9 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021.*

O artigo 25.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, establece que o cadro de persoal do devandito corpo, en situación de activo, se axustará aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, o mencionado artigo recolle no seu número 2 que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de catro anos cada un, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas, excepto os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual de prazas.

O Real decreto 313/2019, do 26 de abril, modificou as dotacións do cadro de persoal regulamentario, co obxecto de optimizar a proporción e encadramento entre os oficiais xenerais e manter as dotacións globais para estes empregos.

O Real decreto 734/2020, do 4 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior, introduce importantes modificacións nos niveis directivos da Dirección Xeral da Garda Civil e prevé na súa estrutura a creación do Mando de Fronteiras e Policía Marítima, cuxo titular debe ter o emprego de tenente xeneral da Garda Civil en servizo activo. Esta nova configuración require da adaptación do cadro de persoal regulamentario para dar resposta, de maneira inmediata, ás novas necesidades de dotacións do emprego de tenente xeneral.

En cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, co informe do Ministerio de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do artigo 1 do Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021.*

A táboa que establece as dotacións do cadro de persoal para os distintos empregos e escalas da Garda Civil que figura no artigo 1 do Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021, queda modificada como segue:

«Escala	Emprego	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021
Oficiais.	Tenente xeneral.	4	4	4	5
	Xeneral de división.	7	8	8	8
	Xeneral de brigada.	23	22	22	22
	Coronel.	117	117	120	124
	Tenente coronel.	217	217	220	225
	Comandante.	256	277	302	322

«Escala	Emprego	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021
Facultativa superior da Lei 42/1999.	Coronel.	1	1	1	1
	Tenente coronel.	4	4	4	4
	Comandante.	10	10	21	34
Oficiais da Lei 42/1999.	Tenente coronel.	60	60	60	64
	Comandante.	120	120	120	136
Facultativa técnica da Lei 42/1999.	Comandante.	5	5	5	5
Suboficiais.	Suboficial maior.	46	46	52	60
	Subtenente.	540	540	564	594
	Brigada.	940	940	979	1024
	Sarxento primeiro.	2016	2016	2026	2046
Cabos e gardas.	Cabo maior.	60	60	68	80
	Cabo primeiro.	5919	5994	6162	6440
	Cabo.	1480	1480	1480	1457»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO